

TEÑO QUE CRUZA-LA RÍA

Despois de once anos en Cariño e por vaivéns do destino, velaí que tiña que cambiar de centro, e o meu novo instituto ía se-lo ¡de Ortigueira!

A situación non deixaba de ser paradóxica e curiosa. Ortigueira para os de Cariño era a “bicha”, a vila dos caciques e señoritos que ó longo da historia negaran o pan e o sal ós sofridos traballadores do mar de Ortegal. A rivalidade chegara tamén ós institutos. Os enfrontamentos deportivos desembocaban ás veces en liortas que levaron a que durante varios anos se interrompíran.

Por iso, era a miña unha situación estrana. Pasaba a integrarme nas filas do “enemigo secular”, así que foi preciso cambia-lo chip. Penso que será unha impresión semellante á que teñen algúns xogadores de fútbol que por mor do mercado de fichaxes cambian as cores de toda a vida polas do equipo rival.

Mesmo durante algunhas semanas tiña que poñer ouvidos de cortiza ante “rebuznos” que soaban cando baixaba do coche, como: “¡Pixín!”, “¡Cómo cheira a peixe!” e outras lindezas polo estilo.

Afortunadamente, tanto a calidade humana dos novos compañeiros e da maioría dos alumnos, sobre todo os das zonas rurais, conseguiron que a integración fose rápida e agradable.

Do equipo directivo da época, o millor eloxio que podo artellar é que integraban á perfección a firmeza (Susi) coa afabilidade (Chefi) e o traballo (Carmen) coa eficiencia (Antonio). Por iso, cando Antonio presentou a dimisión por motivos de saúde, agradecín fundamente a confianza amosada e aceptei integrarme no equipo. Daqueles cursos recordo sobremaneira as excursións: París, Mallorca, Portugal, Andalucía, Os Ancares e O Caurel. Foron realmente unhas anos “dourados”, e se tivera que destacar algunha concreción do compañerismo existente, éste sería sen dúbida a creación do extraoficial “Departamento de Gastronomía”. ¡Qué sanas costumes aquelas de “reunirse” periódicamente para degustar as ameixas e o polo de corral de Feás, o poldro e o xabarín de Grañas, o cocido do Ermo, o lacón con grelos de Devesos, etc, etc!

Imposible non adicar sequera un chisquiño de lembranza a aquel entranable acontecemento que supuña a “Subida a San Andrés”. ¡Qué pena e raiba sinto aínda agora moitos anos despois polo feito de que a estupidez dunhos poucos conleva á suspensión do evento.

¿E qué máis? Pois, bla, bla, bla; etc, etc, etc. Podería seguir enchendo folios e mais folios con recordos e anécdotas agradables; os desagradables, que tamén os houbo, fiquen sepultados no olvido; pero considero que xa aburrín en demasía ós posibles lectores.

Unha última reflexión e lembranza: entre as 8.00 h. e as 8.20 h. da mañán cruzaba A Pedra, Landoi, Sismundi, Feás, San Adrián, Mera, San Claudio e Cuiña, nomes que, por motivos familiares, tiñan para min de neno unha resoancia mítica e cáseque de lenda, e ó entrar nas aulas da banda de ponente, nos craros mencers da primavera, a miña vista sempre se ía á maravilla do refulxente Venus sobre o pico da Miranda. Esta imaxe, xunto coas facianas de compañeiros e alumnos, sempre no meu corazón.

Constantino Chao Mata

Constantino Chao foi profesor no Ies de Ortigueira e no de Cariño. Desempeñou cargos directivos e pelexou sempre pola mellora na actividade extraescolar dos Centros, con numerosas iniciativas no mundo do Teatro, da Literatura e organizando Excursións, consciente da súa importancia formativa. É un namorado do Camiño de Santiago. Na actualidade exerce a súa profesión no IES Francisco Aguiar de Betanzos